

**ACTA N.º 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA A
ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO
CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUN INMOBLE PARA OFICINA
MUNICIPAL DE URBANISMO E A OFICINA DOS SERVIZOS SOCIAIS
DO CONCELLO DE OROSO**

(EXPDTE: 2025/C006/000002)

LUGAR: Salón de Plenos do Concello de Oroso
DATA: 20.10.2025
HORA: 12:12 horas

ASISTENTES:

Presidente:

Alexánder Doval Expósito (Alcalde)

Vogais:

Carlos Temprano Temprano (Interventor municipal)
Federico Suárez Cancelo (Secretario municipal)
Yolanda García Fachal (arquitecta técnica do Concello)
Ana María Liñares Castro (Técnica de contratación)

Secretaria:

Ana María Alonso del Río (Administrativa de contratación)

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Aprobación da acta anterior.

SEGUNDO.- Apertura do acto “Otras comunicaciones / Solicitud de información adicional”.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR:

No Salón de Plenos do Concello de Oroso, sendo as 12:12 horas do día 20.10.2025, reúnen as persoas referidas no apartado asistentes e, trala súa lectura, aprobase por unanimidade a acta da sesión anterior, correspondente ao 06.10.2025.

SEGUNDO.- APERTURA DO ACTO “OTRAS COMUNICACIONES / SOLICITUD DE INFORMACIÓN ADICIONAL”:

A secretaria da mesa informa aos asistentes que, en cumprimento do acordado pola mesa na anterior sesión, en data 08.10.2025 mediante comunicación electrónica a través da Plataforma de contratos del Sector Público, requiriuse a SANTIQUÉ,

S.L. para que dentro do prazo de tres días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibira a comunicación do dito requirimento subsanase a documentación contida no sobre A substituído “Documentación e oferta técnica” en base ao informe redactado pola arquitecta técnica municipal en data 06.10.2025 e presentara a través da dita plataforma a seguinte documentación, sen alterar a súa oferta:

- ✓ Plano de distribución, superficies e cotas a escala definida indicada no plano da planta do local e da planta soto onde se localiza a praza de aparcamento ofertada indicando as vías de acceso á mesma. Tamén se reflectirán as dimensións de dita praza.
- ✓ Plano de detalle do ascensor indicando as súas dimensións que xustifiquen a condición de accesible, así como, sección das zonas de acceso e desembarco do mesmo.
- ✓ Plano de detalle a escala definida do aseo accesible, reflectindo a situación das barras de apoio, os espazos de transferencia, as dimensións e alturas dos sanitarios, etc.
- ✓ Sección construtiva do inmovible a escala definida en plano onde se reflecta a altura libre do local.

De seguido dase comezo na plataforma ao primeiro acto da orde do día “**Otras comunicaciones/ Solicitud de información adicional**”.

Constátase que en data 13.10.2025, dentro do prazo habilitado, o licitador presentou documentación a través da Plataforma de contratación do sector público.

A secretaria da Mesa procede, a través do correspondente enlace previsto na Plataforma de Contratación del Sector Público, á apertura da documentación presentada polo licitador e, despois dun tempo de espera e visto que a documentación está en proceso de apertura pero non chega a producirse a mesma, a mesa decide comunicar a incidencia aos servizos técnicos da Plataforma de contratación e suspender a sesión ata que se resolvan os problemas técnicos.

Unha vez comprobado que a incidencia foi resolta e a documentación finalmente figura aberta na Plataforma con data 20.10.2025 as 15:18 horas, a mesa reúne de novo o día 21.10.2025 as 11:07 horas e a secretaria procede á descarga da mesma.

A continuación a Mesa adopta por unanimidade os seguintes acordos:

Primeiro.- Dar traslado aos servizos urbanísticos do concello da documentación de subsanación presentada polo licitador SANTIQUÉ, S.L. para que procedan a emitir informe sobre a mesma e, de acordo co establecido na cláusula 16.3.c) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, emitan informe-



proposta de valoración dos criterios de valoración relacionados coas características físicas do local dos licitadores admitidos.

Segundo.- Suspende a sesión ata que se emita o dito informe.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 11:14 horas do día 21.10.2025 o Presidente suspende a sesión e eu redacto esta acta como secretaria, para os efectos de dar fe dos acordos adoptados pola Mesa de Contratación.

A SECRETARIA
DA MESA DE CONTRATACIÓN

O PRESIDENTE